

DOMINGO 12 ORDINARIO CICLO B

PRIMEIRA Xob 38, 1.8-11

Aquí racharas os teus arrogantes impulsos

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO DE XOB

Entón respondeulle Iavé desde o trebón:
Quen pechou os portóns do mar
ao xurdir debruzándose do seo materno,
cando lle impuxen coma embozo as brétemas
e o envolvín en néboas coma panos?
Daquela marqueille os límites
e asegúreille os ferrollos e as portas,
e díxenlle: Ata aquí has chegar e non pasar.
Aquí han rematar as túas altas ondas.

SALMO RESPONSORIAL Sal 106, 23-24. 25-26. 28-29. 30-31

R/ (1b): Louvade ao Señor, porque a súa misericordia é eterna

Ou: Aleluia

Os que baixan nos barcos ao mar,
para facer o seu traballo nas augas abismais,
poden ver os feitos do Señor,
os seus prodixios no océano.

Cun aceno del érguese o vento de temporal
e levántanse fortes as ondas:
érguese cara ao ceo e caen no abismo.
Co estómago revolto, mareados,

No apreto clamaron ao Señor
e El librounos da aflicción.
El troca a tempestade en brisa lene,
e quedan caladas as ondas.

Alégranse eles coa calma,
e El lévaos ao porto arelado.
Dean grazas ao Señor pola súa misericordia,
polos seus prodixios cos humanos.

SEGUNDA 2 Cor 5, 14-17

Velaí renovouse a realidade

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA SEGUNDA CARTA
DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS CORINTIOS**

Irmáns e irmás:

É o amor de Cristo o que nos preme, cando pensamos que, ao morrer un por todos, morreron todos; el morreu por todos, a fin de que os que viven xa non vivan para si, senón para o que morreu e resucitou por eles.

Por iso, nós xa non prezamos a ninguén conforme a criterios mundanos; aínda que teñamos coñecido a Cristo conforme a eses criterios, agora xa non o coñecemos así. Polo tanto, quen estea en Cristo, é unha criatura nova: o que era vello, pasou. Vedes? Hai unha realidade nova.

ALELUIA Lc 7, 16

Un grande profeta apareceu entre nós, e Deus visitou ó seu pobo

DOMINGO 12 ORDINARIO CICLO B

EVANXEO Mc 4, 35-41

Quen é este, a quen lle obedecen o mar e o vento?

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Á caída da noite, dilles Xesús aos seus discípulos:

- Ora, vamos para a banda de alá.

Eles, deixando a xente, levárono no bote onde estaba sentado; e ían seguidos por outras barcas. E formouse tal turbillón de vento que os salseiros caían enriba do bote e enchíano de auga. El, entremetres, estaba na popa durmindo sobre un cabezal. Fórono espertar, berrándolle:

- Mestre, seica non che importa que afogemos?

Entón el, espertando, increpou ao vento, e díxolle ao mar: -¡Silencio, e acouga!

O vento amainou, e veu unha gran calma.

Despois díxolles:

- Por que tendes tanto medo? Seica aínda non tendes fe?

Eles, cheos dun medo enorme, comentaban entre si:

- Pero, quen será este, que mesmo o vento e o mar o obedecen?